

## **NORMAS COVID ALUMNADO**

### 1. **MEDIDAS HIXIÉNICAS E XERAIS:**

- **Obrigatorio levar máscara:** o uso da máscara é obrigatorio a partir dos 6 anos **durante toda a xornada lectiva en todos os espazos do centro, aínda que se cumpra coa distancia de seguridade de 1,5 m. Só poderán quitala para comer.**
- Tódolos días deberán traer unha máscara de reposto gardada nun sobre de papel ou bolsa de tea .Se algún alumno/a non trae máscara, **quedará illado** ata que seus familiares/titores/pais lle proporcionen unha. En ningún caso se permitirá entrar ou permanecer no centro a ningunha persoa sen máscara.
- Tamén é recomendable traer unha botella de auga porque non poderán beber das fontes do centro que permanecerán pechadas por motivos de seguridade.
- **Durante a clase** haberá que permanecer sentado no sitio asignado polo profesor ou titor. Este sitio será sempre o mesmo podendo poñer unha etiqueta na cadeira co seu nome se o precisan. Nos cambios de clase tampouco poderán moverse do seu sitio.
- Todo o alumnado debe lavar as mans antes de comezar a clase, o que se verificará unha vez sentados na aula. Para elo, poderán utilizar os dispensadores da aula, se non o fixeron no momento de subir ás aulas.
- En todos os espazos do centro disporase de **xel hidroalcohólico, papel e papeleiras con bolsa.**

É moi importante, utilizar dentro e fóra do centro os puntos específicos de recollida do lixo e non tirar nada ao chan.

Nas papeleiras das aulas con tapa deixaranse só residuos hixiénicos (papel desinfección, panos individuais desbotables..); o resto dos residuos, á outra papeleira da aula.

- Cando cambien de aula para algunha materia ou desdobre, desinfectarase o lugar que ocupe na nova aula, así como o material de uso común( ordenadores, teclados...) co produto que proporcionará o profesor/a, antes e despois do seu uso. Para a limpeza cos panos pódese facer unha rotación co alumnado.
- **Débese realizar hixiene de mans** frecuentemente, sobre todo :
  - Cando entren ou saian do centro
  - Antes e despois do recreo e de comer
  - Despois de ir ao baño, onde haberá auga e xabón
  - Antes de tocar calquera obxecto que non sexa o seu

**Lavado de mans:** con auga e xabón , durante polo menos 40 segundos, ou con solución hidroalcohólica, durante polo menos 20 segundos.

- **Ao tusir ou esberrar**, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotarán na papeleira específica sinalada con anterioridade para este fin, ou ben facelo contra a flexura do cóbado.
- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
- **Non compartir material de uso propio con ningún compañeiro/a,** polo que antes de saír

da casa revisar que se trae todo o necesario.

- Non se poderán usar os **percheiros** da aula, polo que cada un terá que colocar a súa roupa no respaldo da cadeira.
- Non se poderán usar **as taquillas** ata novo aviso, polo que haberá que traer e levar diariamente o material e non deixalo nas aulas, para favorecer a limpeza das mesmas.
- Non deixar nada de valor na aula.
- **Ventilar as clases o máximo tempo posible**, como mínimo 15 minutos ao principio da xornada e durante os recreos, e como mínimo 5 minutos nos cambios de clase. ( Cando as condicións meteorolóxicas o permitan manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible). Encargaranse de abrilas o conserxe a primeira hora e logo será sempre o alumno /a mais próximo/a quen se encargará de facelo, As ventilacións feitas deben anotarse nun cadro de rexistro que haberá no taboleiro da clase.
- A aula debe quedar recollida o finalizar a xornada. Non debe quedar nada no chan nin enriba da mesa ( só a cadeira, como sempre), para que todo poida ser desinfectado por parte do persoal de limpeza

## 2. **MEDIDAS DE ORGANIZACIÓN**

### **2.1 Entradas :**

Entrarán ao recinto pola porta lateral próxima á pista de padel e permanecerán no pavillón acompañados polo profesorado de garda ata acceder ás aulas pola porta traseira do patio e utilizando soamente as escaleiras próximas á conserxería(ESCALEIRAS SÓ DE SUBIDA), mantendo sempre a distancia de seguridade de 1,5 m.

Dentro do pavillón haberá zonas diferenciadas para cada grupo.

### **2.2 Recreos:**

- **A distancia interpersoal durante os recreos será sempre de 1,5 m.**
- **Para ir ao recreo farano polas ESCALEIRAS DE BAIXADA, que son as da zona de atrás, con saída ao patio cuberto, e 1º e 3º ESO sairán 5 minutos antes.**
- Durante o tempo de recreo( 12:00- 12:30), ningún alumno/a poderá permanecer na aula nin nos corredores, a non ser en compañía dalgún profesor. Despois de tocar **o timbre soamente farán uso dos aseos do patio que teñan asignados para secundaria, cuxo acceso estará controlado polo profesorado de garda para que se cumpra o aforo de un alumno/a.**
- Unha vez no patio non poderán entrar no edificio escolar, soamente no caso de que vaian facer uso da biblioteca. Terán que esperar fóra, na entrada principal, polo profesorado de garda de biblioteca, mantendo sempre a distancia de seguridade.
- **Non se poderá xogar a fútbol nin outro deporte de contacto. nin a xogos que impliquen compartir obxectos( xadrez. etc)**
- No caso de chuvia permanecerán no pavillón en zonas delimitadas.
- Non estará permitido o uso da Ludoteca.
- A **Biblioteca** do centro vai seguir funcionando coa maior normalidade posible. Aínda así sufrirá adaptacións que se comunicarán a principio de curso. Permanecerá pechada no mes

de setembro .O aforo será de 16 alumnos/as e non se poderán usar os ordenadores.

### 2.3 Comedor:

- Para ir ao comedor farán uso das escaleiras de baixada e **2º e 4º ESO sairán 5 minutos antes.**
- Os alumnos de 2º e 3º ESO baixarán as súas mochilas e as deixarán no escenario en espazos delimitados.
- No comedor están colocados nas mesas por clase e as coidadoras servirán ao grupo asignado. Permanecerán sentados todo o tempo (non van a servir nin recoller) ata que o profesorado de garda lle indique a 1º e 4º ESO a subida á clase para recoller a mochila. Cada grupo irá acompañado por un profesor/a de garda. Sairán pola porta do patio cuberto e mentres 1ºESO se irá para zona dianteira do edificio bordeando o comedor e a cociña. 4º ESO farao polo patio cuberto, polo outro extremo do edificio.
- 2º e 3º ESO permanecerán sentados no comedor ata que o conserxe lle indique que poden saír.

### 2.4 Saídas os mércores:

1º e 4º ESO baixarán polas escaleiras con saída ao patio cuberto (escaleiras de baixada) e farán o mesmo percorrido que os demais días: 1ºESO se irá a zona dianteira do edificio bordeando o comedor e a cociña, 4ºESO farao polo patio cuberto, polo outro extremo do edificio. **2º e 3º ESO só excepcionalmente este día baixarán utilizando as escaleiras principais( próximas á conserxería)**

## 3. OUTRAS MEDIDAS QUE SE LLES DEBEN LEMBRAR:

- **Deben atender as indicacións** de todo o profesorado e persoal do centro, así como as indicacións visuais colocadas polo edificio.
- Non asistirá ao centro aquele alumnado que teña síntomas compatibles con COVID-19, **(febre maior de 37,5 °C, tose seca, dificultade respiratoria, cansazo, dor muscular, falta de olfacto e de gusto, diarrea)** así como aquel que se atope en illamento por diagnóstico de COVID19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.
- Para a xustificación da ausencia, non será necesario ningún xustificante médico, abondará co comprobante dos pais ou titores legais.
- No caso de que un alumno se atope mal, con algún **síntoma que apunte ao COVID** no transcurso da xornada, deberá comunicarllo ao profesorado que estea nese momento na clase, a un profesor de garda ou a algún dos membros do equipo COVID.

#### **4 CIRCULACIÓN /DESPRAZAMENTOS**

- **Nas escaleiras e corredores deberase circular sempre pola dereita, en ringleira, coa máxima fluidez posible e mantendo a distancia interpersoal.** Bandas no chan e frechas marcarán as divisións e indicarán o sentido de circulación.
- Cando haxa que cambiar de aula a outra da mesma planta, circularase sempre pola dereita do corredor ata chegar á mesma.
- Se cambiamos a unha aula de outra planta, colleremos as escaleiras correspondentes de subida ou de baixada..
- **En ambos casos , deben permanecer sentados na aula esperando ao profesor/a da materia correspondente.** Se houbera outro grupo na nova aula agardarase a que saia por completo o grupo anterior antes de entrar.
- Nos baños colocaranse bandas horizontais para marcar o punto de espera e un cono que indique se está baleiro ou ocupado, que colocarán co pé diante da porta do baño cando pasen a usalo. **Cada grupo terá asignado un baño e o aforo do mesmo será de 1 alumno/a.**
- Dentro dos baños haberá cartelería recordando o lavado de mans e a técnica correcta dese procedemento

**O incumprimento dalgunha destas medias será considerado unha falta leve.**

#### **5. COMUNICACIÓN DAS TITORAS/ES COAS FAMILIAS:**

Durante este curso escolar a comunicación coas familias será vía telefónica, por correo electrónico ou por vía telemática.

O sistema será: A familia concertará unha cita a través do correo electrónico sinalando no asunto a que profesor queren solicitar a cita, ou ben poderá chamar ao centro . O titor porase en contacto con eles á maior brevidade posible, e da forma que considere, durante un horario amplo que a familia deberá comunicar no momento de solicitar a cita e que terá que ser dentro do horario lectivo.